



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Procedemento PR71CAL

Homoxeneización de criterios e calibración

Versión	Descrición	Data
01	Versión inicial	01/09/2017
02	Cambios na sistemática de homoxeneización e calibración.	01/09/2023

Índice

1	Obxecto.....	3
2	Ámbito de aplicación.....	3
3	Misións e responsabilidades.....	3
4	Desenvolvemento do proceso.....	4
	4.1 Homoxeneización de criterios.....	4
	4.2 Calibración.....	4
	4.2.1 Celebración da sesión de Calibración das cualificacións.....	4
	4.3 Táboa resumo do desenvolvemento do proceso.....	5
5	Información documentada.....	5



1 Obxecto

Describir a sistemática da homoxeneización da programación.

Describir a sistemática da calibración dos instrumentos recollidos na programación para a avaliación do alumnado.

2 Ámbito de aplicación

Todo o profesorado do CIFP en todos os niveis educativos de formación profesional regrada que constan na súa oferta formativa e se imparten no centro.

- Aplicarase nos casos nos que máis dun profesor ou profesora imparta o mesmo módulo, no mesmo ciclo, no mesmo réxime e na mesma modalidade.

3 Misións e responsabilidades

Xefatura de estudos

- Explicar ás xefaturas de departamento a sistemática da homoxeneización e da calibración.
- Comunicar ás xefaturas de departamento dos posibles módulos a calibrar.
- Controlar a realización das sesións de homoxeneización e calibración.

Departamentos didácticos

- Realizar as sesións de homoxeneización.
- Realizar a sesión de calibración.
- Analizar as causas de desviacións e determinar as accións correctoras.

Xefatura de departamento

- Informar ao profesorado, a inicio de curso e antes do peche das programacións, da necesidades de homoxeneización das mesmas.
- Convocar e redactar a acta da sesión de homoxeneización e entregar copia á Xefatura de estudos.
- Convocar ao profesorado e levantar acta da sesión de calibración.
- Elaborar o Informe de calibración.
- Rexistrar, en caso de haber desviacións, as accións correctivas previstas e a data de revisión da eficacias das mesmas.

Profesorado

- Consensuar os apartados da programación antes da sesión de homoxeneización.
- Participar nas sesións de homoxeneización e calibración.
- Levar a cabo as accións correctoras no caso de desviacións.

4 Desenvolvemento do proceso

- **Homoxeneización:** antes de finalizar o período de entrega das programacións.
- **Calibración:** antes da 1ª avaliación.

4.1 Homoxeneización de criterios

As xefaturas de departamento comunicará a sistemática de homoxeneización e levarán a cabo as sesións de homoxeneización. Haberá que consensuar: os criterios mínimos esixibles o peso orientativo de cada criterio de avaliación, os criterios de cualificación e corrección ademais do instrumento de avaliación vinculado a cada criterio. Será necesario tamén establecer de maneira conxunta o peso das unidades e a súa temporalización.

4.2 Calibración

Cualificacións do alumnado

Realizarase unha vez establecida a homoxeneización de criterios.

A calibración ten por finalidade comparar as cualificacións outorgadas polos profesores/as do mesmo módulo ao alumnado utilizando os mesmos instrumentos e os criterios de cualificación establecidos na programación. Comprobarase que os resultados se encontren dentro dos parámetros establecidos.

Repetiranse as probas de calibración nun módulo no caso de incorporación de novo profesorado para a impartición dunha materia/módulo, sempre e cando a substitución se estenda por tempo superior a unha avaliación.

As probas de calibración que o profesorado realiza para cada un dos módulos que imparta terán unha vixencia de 3 cursos académicos, transcorridos os cales repetirase a proba; a non ser que haxa incidencias relacionadas con modificación dos criterios de avaliación ou reclamación das cualificacións relacionadas coa calibración, por parte do alumnado.

No caso de que a cualificación outorgada por algún profesor ou algunha profesora se atope fóra dos parámetros, analizaranse as causas na reunión do departamento e determinaranse as medidas a tomar.

A Xefatura do departamento elaborará un *Informe de Calibración* MD71CAL01 no que se reflectirán os resultados obtidos por cada un dos/das profesores/as calibrados e, no caso de desviacións, as conclusións acadadas na reunión do departamento.

Aplicacións informáticas

A persoa responsable de cada aplicación informática realizará unha proba para verificar o funcionamento correcto da mesma.

Esta calibración será válida durante o tempo que exista a mesma versión da aplicación.

4.2.1 Celebración da sesión de Calibración das cualificacións

A calibración realizarase segundo se describe a continuación, onde se incluírá o criterio de tolerancia admitido. De non calibrarse a totalidade dos instrumentos, optarase por aqueles que teñan un peso significativo. Se a calibración é total, seguirase o recollido nos puntos seguintes con cada un dos instrumentos.

- En primeiro lugar, seleccionárase para a calibración o instrumento de máis peso en cada módulo sempre e cando teña un peso significativo (70%), ou varios se ningún por separado supón un peso significativo.
- Non se terán en conta as probas escritas tipo test, salvo no caso de probas escritas mixtas que combinen preguntas tipo test con outro tipo de preguntas. No caso de ser a proba escrita tipo test o instrumento con máis peso na cualificación, calibráranse a totalidade dos instrumentos restantes.
- O profesorado que participe na sesión de calibración de cada módulo cualificará aplicando o instrumento escollido a unha proba real (exame, práctica, exercicio, etc) realizada a un alumno ou alumna seleccionada de xeito aleatorio pola xefatura do departamento correspondente.
- Xunto coa proba a cualificar facilitaranse os criterios de cualificación e/ou corrección previamente homoxeneizados de ser necesarios.
- Obtidas as cualificacións, calcularase a súa media aritmética. O resultado considerárase a *Cualificación Patrón*.
- A cualificación dada por cada un dos membros do profesorado que participe na sesión de calibración comparárase coa *Cualificación Patrón* para determinar a súa desviación.
- Considerárase que a cualificación outorgada por cada un dos membros do profesorado que participe na sesión de calibración está ben calibrada cando presenta unha desviación respecto da patrón inferior ou igual á tolerancia aceptable:
 - Para unha medición cuantitativa, nunha escala de 0 a 10 puntos, determínase nun $\pm 0,50$ puntos respecto á cualificación patrón (para outras escalas manter a proporción).
 - Para unha medición cualitativa, considérase aceptable se a cualificación se atopa dentro do mesmo grado.

A sesión de calibración levarase a cabo nun só día, elaborándose un *Informe da sesión de calibración* (MD71CAL01)

4.3 Táboa resumo do desenvolvemento do proceso

ACTIVIDADE	RESPONSABLES	RECURSOS	CALENDARIO	REXISTRO
▪ Homoxeneización de criterios	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Departamento correspondente ▪ Profesorado afectado ▪ Xefatura departamento 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Programación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes de finalizar o período de entrega das programacións- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acta do departamento
▪ Celebración da sesión de calibración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Profesorado afectado ▪ Xefatura departamento ▪ Xefatura de estudos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Instrucións de celebración das sesións de calibración 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Antes da 1ª avaliación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe da sesión de calibración MD71CAL01
▪ Accións correctivas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xefatura departamento 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Durante todo o curso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acta reunión departamento

5 Información documentada

- PR71CAL *Procedemento de homoxeneización de criterios e calibración*.
 - MD71CAL01 *Informe da sesión de calibración*.